

Procedemento: Selección para a contratación, baixo a modalidade de contrato laboral temporal, dun posto de xastra (código do posto ED.A11.00.005.15770.082)

Asunto: Resolución pola que se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas e a listaxe da avaliación provisional por orde de prelación

O tribunal nomeado mediante Resolución, do 24.06.2025, da persoa que ostenta a titularidade da Dirección de Agadic, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, para cualificar o proceso de selección para a contratación mediante relación laboral temporal en réxime de interinidade, en sesión que tivo lugar o 28.07.2025

ACORDOU:

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas ao procedemento de selección, que se relacionan no **Anexo I**, tras rematar o prazo de alegacións de tres días hábiles á Resolución provisional de persoas non admitidas e admitidas de data 21.07.2025, quedando desestimadas o resto das solicitudes.

Segundo.- Aprobar a listaxe provisional de avaliación de méritos por orde de prelación, relacionada no **Anexo II**, segundo a puntuación obtida en aplicación do baremo establecido nas bases do procedemento.

Terceiro.- Conceder un prazo de tres (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución, para presentar alegacións contra esta avaliación provisional, mediante a Sede electrónica da Xunta da Galicia (<https://sede.xunta.gal>), ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Transcorrido o dito prazo, o Tribunal publicará, polos mesmos medios que se determinan no apartado cuarto, a listaxe definitiva da avaliación das persoas aspirantes ao posto de traballo.

Cuarto .- Publicar esta Resolución na páxina web da Axencia Galega das Industrias Culturais (industriasculturais.xunta.gal) e no taboleiro de anuncios do centro de traballo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A presidenta do Tribunal de selección
María Angeles Antón Vilasánchez



ANEXO I - LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

	SOLICITANTE	DNI
1	DOMINGUEZ VEIGA, ARANZAZU	***7578**
2	VARELA VAAMONDE, MÓNICA	***1877**

ANEXO II- LISTAXE PROVISIONAL DE AVALIACION DE MÉRITOS POR ORDE DE PRELACIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA

	SOLICITANTE	DNI	PUNTUACIÓN
1	VARELA VAAMONDE, MÓNICA	***1877**	2,35
2	DOMINGUEZ VEIGA, ARANZAZU	***7578**	0,9

